




GRUPOS OPERATIVOS DE INNOVACIÓN AGRARIA

A innovación é unha ferramenta fundamental en todos os sectores, pero especialmente no mundo rural, por ser un entorno moi disperso con difícil acceso ao coñecemento, aos resultados da investigación, á formación, á evolución dos mercados, ás novas tecnoloxías e outra información.

O principal instrumento da Unión Europea para impulsar e acelerar a innovación no medio rural é a Asociación Europea para a Innovación, en materia de produtividade e sostibilidade agrícola. Esta pretende acelerar a innovación no sector agroalimentario e forestal, mellorando o medio rural, así como a divulgación e diseminación de experiencias de éxito no territorio, a través de proxectos innovadores concretos.

Os Grupos Operativos están formados por entidades de distintos perfiles, como: agricultores, gandeiros, investigadores, centros tecnolóxicos, universidades, organizacións non gobernamentais, grupos de desenvolvemento rural, asociacións, etc., co obxectivo de abordar de forma conxunta un problema concreto ou unha oportunidade nos sectores agroalimentario e forestal, empregando para elo unha idea innovadora.



MELLORA DA XESTIÓN DE TERRAS NAS COOPERATIVAS GANDEIRAS

4. ACTORES PARTICIPANTES

- Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos
- Cusoviame, S.C.G.
- Os Irmandiños, S.C.G.
- Universidade de Santiago de Compostela - Laboratorio do Territorio
- Universidade da Coruña - Grupo de Arquitectura de Computadores
- Instituto Galego de Calidade Alimentaria



Os proxectos dos Grupos Operativos deben de fomentar a cooperación e a innovación nas seguintes áreas prioritarias de actuación:

- | | | |
|---|-----------------------------------|-------------------------------------|
| a) Xestión sostible dos recursos naturais | b) Sistemas agrarios de produción | c) Cadea alimentaria |
| d) Bioeconomía | e) Aplicación das TIC ao sector | f) Outras iniciativas de innovación |

Os Grupos Operativos buscarán aumentar a produtividade e sustentabilidade agrícola e forestal, cun efecto directo na promoción do desenvolvemento local das zonas rurais. Ao mesmo tempo terán efectos secundarios sobre:

- Facilitar a entrada no sector agrario de agricultores adecuadamente formados e, en particular, a remuda xeracional.
- Uso máis eficiente da enerxía na agricultura e na transformación de produtos agrarios.
- Facilitar a subministración e o uso de fontes renovables de enerxía, subprodutos, residuos e demais materia prima non alimentaria para impulsar o desenvolvemento da bioeconomía.

GRUPO OPERATIVO DE INNOVACIÓN PARA O DESEÑO DUNHA APLICACIÓN INFORMÁTICA PARA A MELLORA DA XESTIÓN DE TERRAS NAS COOPERATIVAS GANDEIRAS (2016-2017)



Máis información en: www.marinasbetanzos.gal / info@marinasbetanzos.org / 981 669 541

5. ACCIÓNS

Para acadar os obxectivos establécese a seguinte lista de tarefas a realizar:

1. Revisión bibliográfica.
2. Recollida de información sobre os socios das cooperativas.
3. Selección das zonas piloto.
4. Entrevistas e cuestionarios aos socios das cooperativas.
5. Desenvolvemento da ferramenta de agrupación de parcelas.
6. Execución e verificación do algoritmo.
7. Posta en funcionamento da ferramenta.
8. Divulgación dos resultados do proxecto.
9. Xestión do proxecto.





ESQUEMA DO PROXECTO DO GRUPO OPERATIVO



1. RESUMO

O proxecto pretende contribuír a aumentar a eficiencia e sustentabilidade ambiental e económica das explotacións agrarias. Buscaranse solucións ao problema da estruturación da base territorial das explotacións facendo uso das TIC (Tecnoloxías da Información e a Comunicación), desenvolvendo unha aplicación informática que permita obter alternativas mellores para a organización espacial das parcelas.

Dado un grupo de agricultores a ferramenta informática proporá unha posible reasignación do uso das parcelas entre os agricultores de maneira que sen modificar a propiedade, as súas parcelas estarían máis próximas entre si e máis próximas a cada explotación.

2. XUSTIFICACIÓN

O axeitado dimensionamento das explotacións agrarias é clave para asegurar a súa viabilidade económica e ambiental. Os mercados agrarios están suxeitos a fortes variacións, e obrigan a reducir o nivel de inputs para conter os custos de produción. Na gandería de vacún iso pasa fundamentalmente polo adecuado dimensionamento da base territorial e a súa xestión eficiente. Porén, a estrutura territorial das explotacións gandeiras galegas é moi fragmentada, e as súas parcelas adoitan a posuír unhas dimensións reducidas e maior dispersión.

Unha produción en base a pastos e forraxes propios, con parcelas cunha dimensión axeitada e accesibles, axudaría a incrementar o rendemento das explotacións e a revalorizar estas producións, reducindo os custos e dependencia da importación de alimentos para o gando e incrementando a renda dispoñible, permitindo ademais unhas prácticas gandeiras compatibles co medio ambiente.

3. OBJECTIVOS

- Revisar a problemática da base territorial nas explotacións agrarias.
- Mellorar a base territorial das explotacións e facilitar a produción de forraxes nas mesmas.
- Desenvolver unha aplicación informática que propoña a reorganización e agrupación das parcelas.
- Analizar casos reais no campo.
- Permitir aos socios do proxecto facer uso da ferramenta desenvolvida.
- Dar a coñecer os resultados do proxecto.
- Sentar as bases para o desenvolvemento dunha ferramenta que permita acceder a calquera grupo de agricultores.

